CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 **Fax** 981793157
correo@irixoa.es

CERTIFICACIÓN DE ACORDO MUNICIPAL

PAULA MARÍA SUÁREZ COTELO, secretaria-interventora-tesoureira do Concello de Irixoa,

C E R T I F I C O que a Xunta de Goberno Local deste concello, na sesión realizada o venres 30 de outubro de 2026, adoptou o acordo que deseguido transcribo:

9. DEBATE E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES PARA O IX CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL.(2026/X998/000074)

Consta no expediente proposta que se transcribe a continuación:

"ASUNTO: Aprobación e convocatoria do "IX Concurso de postais de Nadal do Concello de Irixoa.

O obxecto da presente memoria é xustificar a necesidade e idoneidade de convocar e celebrar o IX **Concurso de Postais de Nadal do Concello de Irixoa,** así como a aprobación das súas bases reguladoras.

O Concello de Irixoa, no exercicio das súas competencias en materia de cultura e promoción das actividades veciñais (segundo o artigo 25 de la Lei 7/1985, de Reguladora das Bases do Réxime Local), considera de interese público a realización desta actividade polos seguintes motivos:

Fomento da creatividade: Estimular a expresión artística e a imaxinación dos nenos e nenas do municipio en idade escolar.
Dinamización cultural: Promover a participación activa da infancia e das familias nas tradicións locais durante as festas de Nadal.
Arraigo local: A postal gañadora será utilizada polo Concello como felicitación oficial institucional, o que reforza o vínculo entre a administración local e a veciñanza veciños.

As bases do concurso cuxo contido literal di:

IX CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL 2026

As bases polas que se rexerá o IX Concurso de postais de Nadal son:

Primeira

Poderán participar:

- Menores Empadroad@s no Concello de Irixoa.

Segunda

Establécense catro categorías:

De 3 a 5 anos
De 6 a 8 anos
De 9 a 11 anos
De 12 a 14 anos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Irixoa **https://sede.irixoa.es** co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigos 26-27 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: yFRInYXa6uK6HvKdl8/T Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.irixoa.es/

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 **Fax** 981793157
correo@irixoa.es

Terceira
Non se aceptarán postais realizadas en grupo. Valoraranse a técnica empregada, a presentación,o esforzo e a orixinalidade da postal, así como a mensaxe.

Cuarta
As postais terán seguintes dimensións: entre 21x15, e máximo A4 (folio), presentadas en cartolina por una soa cara.
Poden entregarse na técnica que cada un considere oportuna: pinturas, acuarelas, témperas, collage… etc,.
Evitarase o uso de materiais que poidan desprenderse coa manipulación das mesmas, as postais pregadas, e debuxalas por ambas caras.
A postal deberá incluír unha mensaxe coa palabra Irixoa …e a de felicitación de Nadal. A mensaxe terá que ser en lingua galega.

Quinta
Aceptaranse como máximo dúas postais por participante. No caso de non presentarse un mínimo de tres postais por cada categoría o xurado pode declarar esa categoría deserta.

Sexta
A postal/postais levará na parte traseira un título e a idade do/a participante, a postal/ postais se introducirán nun sobre que levará o nome e apelidos e idade do neno/nena na solapa.
Entregarase xunto co formulario de solicitude que se poderá descargar da páxina web do concello de Irixoa, ou se facilitará nas oficinas xerais do Concello.
O prazo de presentación de postais será desde o día siguente da publicación da concvocatoria no taboleiro de anuncios electrónico e físico do Concello de Irixoa ata o día 16 de novembro de 2026.
As postais poderán entregarse:
Nas Oficinas Municipais do Concello de Irixoa de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.
Por correo ordinario dirixido a Concello de Irixoa, Pazo de Irixoa, 6A, 15313 Irixoa.

Sétima
Entre todas as persoas participantes, elixirase un primeiro premio por cada categoría
O/a gañador/a de cada unha das categorías, recibirá un diploma acreditativo e un vale regalo:

1. **1.**De 3 a 5 anos: diploma e vale regalo de 70 €
2. **2.**De 6 a 8 anos:diploma e vale regalo de 70 €.
3. **3.**De 9 a 11 anos:diploma e vale regalo de 70 €.
4. **4.**De 12 a 14 anos: diploma e vale regalo de 70 €

O día 4 de decembro o xurado dará a coñecer o/a gañador/a de cada categoría.

Oitava
Avisarase aos gañadores ou gañadoras do día de entrega dos premios, que se realizará no Salón de sesións do Casa Consistorial, debe acurdir á recollida o/a neno/a gañador/a xunto cunha persoa proxenitora.

Novena
O traballos que teñan connotación sexistas, xenófogas, racistas ou ofensivas exluiránse do concurso.
Os traballos dos/das participantes premiados quederán no poder da Administración municipal. Coa aceptación do premio, o/a gañador/a consinte na cesión dos dereitos sobre a obra presentada a concurso ao Concello de Irixoa.
As postais gañadoras serán as que usarán para realizar a postal de Felicitación de Nadal que cada ano entrega o concello á veciñanza.
Os traballos non premiados poderán ser retirados polas súas/seus autoras no prazo dun mes posterior á

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Irixoa **https://sede.irixoa.es** co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigos 26-27 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: yFRInYXa6uK6HvKdl8/T Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.irixoa.es/

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 **Fax** 981793157
correo@irixoa.es

finalización do prazo de entrega. A partir desta data entenderase que renuncian a súa obra e pasará a ser propiedade do Concello de Irixoa que determinará o seu uso e destino.

Décima
Os autores/autoras autorizan a reprodución dos mesmos en calquera medio impreso ou electrónico, e sen límite temporal nin xeográfico. O Concello fará constar o nome completo do autor e a idade.
O/a participante acepta e autoriza que a súa obra como tamén as imaxes de entrega de premios aos/ás gañadores, sexa visible na web, redes sociais, etc. do Concello de Irixoa, exclusivamente coa fin das bases deste conscurso.
Os datos persoais serán tratados de conformidade coas bases do concurso, non cedendose ou camunicándose os mesmos a terceiros.

Décimo primeira
O xurado estará composto por:
Presidente: Antonio Deibe Sanmartín, alcalde de Irixoa.
Secretaria: Maria Elisa Alonso Figueroa, técnica de Cultura do Concello de Irixoa.
Vogal: María Pilar Cabezal Villamar, educadora social do Concello de Irixoa.
Vogal: Francisco Coucerio Faraldo, Traballador social do Concello de Irixoa.
O xurado reunirase entre os días 17 e 20 de novembro no salón de sesións da Casa Consistorial.

Décimo segunda
A participación implica a cesión ao Concello de Irixoa dos dereitos de produción, distribución, comunicación pública e transformación das obras presentadas nos termos previstos na lexislación de Propiedade intelectual, a través de calquera medio ou formato, sen limitación temporal, material ou xeográfica, polo que o concello pasa a ser o propietario de todos os dereitos de propiedade industrial e intelectual que poidesen corresponderlle en relación a ilustración.
Os datos persoais das persoas participantes atópanse incorporados nos tratamentos de titularidade do Concello de Irixoa, coa fin de tramitar o concurso, seleccionar ás persoas gañadoras e ponerse en contacto con eles, así como publicar os traballos na páxina web, redes sociais, bando móbil, e medios de comunicación de ser o caso. Utilizaranse tamén para xestionar a relación do concello coas persoas concursantes e a súa participación no concurso, darlle a coñecer o resultado do mesmo e promover e informar sobre novidades na actividade do Concello ou os seus servizos.

Décimo terceira
A participación no concurso implica a aceptación destas bases. O decisión do xurado será inapelable.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adpción do seguinte ACORDO:

Primeiro. Aprobar as bases da convocatoria do IX Consurso de postais de Nadal do Concello de Irixoa

Segundo. Aprobar a convocatoria do devandito concurso.

Terceira. Publicar as bases no taboleiro de anuncios físico e electrónico do Concello de Irixoa.

A RESPONSABLE DO DEPARTAMENTO.”

Tras un breve debate, sométese o asunto a votación ordinaria. A xunta de goberno local, por unanimidade dos membros presentes, é dicir, por 3 votos a favor, adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar as bases da convocatoria do IX Consurso de postais de Nadal do Concello de Irixoa

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Irixoa **https://sede.irixoa.es** co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigos 26-27 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: yFRInYXa6uK6HvKdl8/T Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.irixoa.es/

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 **Fax** 981793157
correo@irixoa.es

Segundo. Aprobar a convocatoria do devandito concurso.

Terceira. Publicar as bases no taboleiro de anuncios físico e electrónico do Concello de Irixoa.

E para que conste, asino este certificado de urxencia, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e prace do alcalde en Irixoa na data que figura á marxe.

CVD: yFRInYXa6uK6HvKdl8/T Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.irixoa.es/